



/ O que fixemos... /

Concurso Postal de Nadal.

Coa chegada das festas do Nadal, Tanxedoira abriu o prazo para que todas as persoas a ela asociadas puidesen participar no Concurso Postal de Nadal mostrando as súas habilidades no deseño e creación de obras que son propias destas datas e celebracións.

A esa convocatoria presentáronse diversos traballos, todos eles merecedores de recoñecemento, mais unicamente dous deles podían ser os que optasen a gañar o concurso, un por cada unha das categorías establecidas: adulto e infantil.

O resultado foi o que segue:



Categoría: **Adulto**
Ana M^a Ramos y Carmen M^a Santiago



Categoría: **Infantil**
Martín López Becerra

Grazas a todos e a todas pola participación, e animádevos a ir preparando os traballos que poderedes presentar na próxima convocatoria.

Tanxedoira.

Festival de Nadal.

Como todos os anos, reunímonos para celebrar xuntos e xuntas estas datas, e, esta vez, e a música e a diversión non faltaron.

O noso coro, cada vez máis numeroso, deleitounos con varias panxoliñas. O alumnado de acordeón e pandeireta obsequiáronnos cun repertorio moi coñecido. O alumnado do grupo de guitarra contaron cun elenco de voces procedentes do noso coro para xuntos presentarnos varias cancións con grande emoción.



Acordeonistas traballando dulcemente o fol.

Este ano, por uns pequenos contratemplos, tívose que variar a orde sa escaleta, polo que a seguir déuselle paso á rondalka, en que este ano, por diversos motivos persoais, botáronse en falla a varios compoñentes que sabemos que axiña voltarán estar con nós. Mais ilusión á hora de tocar sempre é a mesma, poñendo o mellor de cada un.

E para pechar o festival, a escena encheuse das alumnas do grupo de baile latino, que con pouco tempo e moita ilusión e traballo saltaron, movéronse e bailaron ao son dun popurrí de pezas navideñas e latinas, que conseguiron encher o público de ledicia, que non se fartaba de pedir máis.



As bailarinas mostrando os dotes artísticos.

E, como non, non podía faltar o sorteo da cesta de Nadal e a entrega de premios do concurso de postais.

E, para finalizar o noso festexo navideño, achegámonos ao local para comer, cantar e brindar por un ano máis.



A xente disposta para rematar a festa.

Felices festas e... a desfrutar!

Carmen Paz.

Repartindo alegría.

Decembro é un mes cheo de alegría para moitos pero tamén de nostalxia para outros. A proximidade da festas do Nadal é propicia para iso. Por tal motivo, e coa intención de levar a felicidade a todos, o grupo de Cantos Populares de Tanxedoira organizou actuacións en diferentes centros, tanto públicos como privados, da cidade e a súa área metropolitana.

Así, comezou o seu percorrido pola Residencia DomusVi, situada no concello de Oleiros, lugar ao que se desprazaron o día 1 e no cal a concorrencia de público agradeceu cos seus aplausos as cancións ofrecidas por Tanxedoira.



Residencia DomusVi.

Continuouse o día 6 por outro dos centros que ten DomusVi, neste caso na Coruña, que se acha situado en Matogrande. Novamente, todos saíron satisfeitos do logrado aquela tarde.

O día 20, os compoñentes do grupo, trasladáronse ao C. C. de Elviña, instalación en que foron acollidos con entusiasmo polas persoas alí presentes, o que fixo crecer a autoestima e esforzarse máis, se cabe, nas interpretacións.



Residencia Orpea.

A seguinte actuación levouse a efecto no concello de Culleredo, concretamente na Residencia Orpea, destino en que a asociación actuou con anterioridade quedándolle un bo sabor de boca polas mostras de afecto recibidas, o mesmo que lle sucedeu nesta ocasión.

Por último, o día 22 e no concello de Oleiros, o grupo trasladouse até a Residencia Ballesol, lugar en que ofreceron, unha vez máis, un gran número de cancións do seu repertorio que, a xulgar pola reacción dos presentes, resultaron do seu agrado.



Residencia Ballesol.

Cómpre destacar que, a pesar dos compromisos particulares que se lles presentan aos efectivos do

grupo con motivo do Nadal, ademais dalgúns problemas de saúde, participou un número importante en cada actuación, feito que mostra, novamente, o desexo de colaborar na expansión, de maneira altruísta, de felicidade entre a xente.

Tanxedoira.

Aqueles maravillosos anos!



1996. De viaxe a Rivadabia.

/ Non perdas.../

VI Certame de Fotografía Fernando Pombo.

Nace unha nova edición do certame fotográfico e convidámosvos a participar coas vosas obras gráficas. As bases atopádelas na nosa páxina web. Non te botes atrás e non esperes a última hora. PARTICIPA!

/ A destacar.../

Axenda

📅 14 de febreiro.

VI CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO.- Apertura do prazo para participar na nova edición do noso tradicional concurso. Poderanse consultar as bases na nosa páxina web.

📅 17 de febreiro.

LACONADA DE ENTROIDO.- Está a organizarse a tradicional laconada, e darase información da mesma a través dos medios habituais.

📅 27 de abril.

FESTIVAL XLI ANIVERSARIO.- No mesmo participará o alumnado de actividades escénicas e musicais, grupos artísticos da asociación e, posiblemente, algún artista ou grupo invitado. Unha vez concretado o lugar e a hora, comunicaranse polos medios habituais.